

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Vilagarcía de Arousa ten actualmente aprobado o Cadro de Persoal (Plantilla) e Anexo de Relación de Postos de Traballo (RPT), como instrumento técnico de estruturación da organización do persoal, instrumentos que se tramitan anualmente xunto có orzamento municipal. Estando axustada no seu contido ao previsto no artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Publico, e artigo 38 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, tendo a todos os efectos a natureza xurídica dunha RPT segundo o Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia num. 66/2016 de data 30 de marzo de 2016.

A actual asignación de retribucións complementarias (Complemento de Destino e Complemento Específico ou análogas de postos de persoal laboral) se corresponden ó Anexo do III Acordo Marco para o Personal Funcionario firmado en febreiro de 2001 entre a representación sindical e o Concello de Vilagarcia, previo o oportuno procedemento de negociación sindical na Mesa Xeral de negociación constituída ao efecto e que posteriormente foi aprobado polo Pleno do Concello de Vilagarcia de Arousa en sesión de data 26 abril de 2001, e con data de efectos de 1 de xaneiro de 2001. (Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra nº 175 de fecha martes 11/9/2001). Coas modificacións retributivas posteriores legalmente de aplicación.

A Disposición Adicional quinta do III Acordo Marco para o persoal funcionario vixente establece: “ Durante os anos 2001 e 2002, levaranse a cabo os traballos de elaboración dunha nova Relación de Postos de Traballo, co correspondente Catálogo de Postos e valoración dos mesmos”.

O art. 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Publico -en adiante TREBEP- establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

Asemade resultou necesario completar a Relación de Postos de Traballo existente con un Catálogo de Postos de Traballo no que se describan de forma pormenorizada o contido de funcións e tarefas de cada posto, clarificando a distribución e asignación das mesmas na estrutura organizativa do Concello de Vilagarcia o que permitirá sua optimización e uso eficiente dos recursos dispoñibles para o desenvolvemento dos traballos e programas públicos asignados aos diferentes servizos e áreas municipais.

Por todo o exposto, por considerar que a relación de postos de traballo (RPT) é un instrumento de ordenación central para garantir a seguridade xurídica e evitar a improvisación e irracionalidade nas dotacións e configuración do contido dos postos de traballo públicos, e dar cumprimento ao previsto no vixente III Acordo Marco,



fíxose preciso realizar un traballo certamente especializado que non pudo afrontar o Concello con medios propios, polo que se plantexou a necesidade de contratar os servizos dunha empresa externa que levase a cabo esta tarefa.

Polo que antecede a Alcaldía acorda o 10 de febreiro de 2017:

- Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, do contrato de servizos consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo para a posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do concello de Vilagarcía de Arousa.
- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato
- Autorizar o gasto por un importe 50.000,00 € (cincuenta mil euros), con cargo a partida orzamentaria 920-22706, do vixente orzamento.
- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante a invitación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL) ás empresas Rodríguez Viñals, S.L. e Galivalia Consulstgo, S.L. e Consultores de Gestión Pública, S.L.
- Coa finalidade de incrementar a transparencia e a publicidade no ámbito da contratación pública e en consonancia coa Decisión do 2 de agosto de 2016 do consello da Unión Europa, publicouse no perfil do contratante da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, con carácter simultáneo á remisión das invitacións, anuncio do contrato a celebrar no que se permite acceder aos pregos que rexen a licitación, para que os operadores económicos poidan presentar as ofertas correspondentes.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrado o día 29 de maio de 2017, vista a proposta da Concellería de Persoal acordou adxudicar á empresa Galivalia Consulting, S.L., o contrato para a prestación do servizo consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo, para a posterior valoración e confección dunha nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe de 35.123,97€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 7.115,70€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 41.000,00€, de conformidade coa oferta presentada e con cargo á partida 920.22706.

Os traballos desenvolvéronse con arranxo aos pregos de prescricións administrativas e técnicas que rexían o contrato.

Polas centrais sindicais durante a fase de elaboración da RPT, presentouse a seguinte documentación:



- a) Con data 26 de outubro de 2018, CIG, UGT e CCOO, solicitan documentación e correccións, á entrega das fichas dos postos de traballo, realizada por Galivalia
- b) Con data 29 de outubro de 2018, dona Elsa Pérez Fernández, en nome da central sindical CSIF, presenta modificacións ás fichas da RPT.
- c) O 29 de xaneiro de 2020, dona María Teresa García Romero, en representación dos sindicatos CSIF, CIG, CCOO e UGT, solicita prórroga no tempo para realizar o estudo das últimas modificacións do documento da RPT e reunión coa concelleira de Persoal.
- d) Con data 1 de marzo de 2019, polos sindicatos CSIF e CIG, preséntase proposta para RPT.
- e) Con data 7 de febreiro de 2019, dona Elsa Pérez Fernández, presenta en representación das centrais sindicais CSIF, CIG, UGT e CCOO, proposta sindical conxunta sobre criterios de clasificación do complemento de destino.
- f) Con data 4 de decembro de 2019, dona Elsa Pérez Fernández, presenta en representación das centrais sindicais CSIF e CIG, proposta conxunta en relación á RPT.
- g) Con data 26 de marzo de 2019, dona Adela Miguens Muñiz, coma delegada sindical de UGT, presenta proposta sobre valoración do complemento específico.
- h) O 3 de marzo de 2021, dona María Teresa García Romero, en calidade de secretaria da Xunta de Persoal presenta escrito la central sindical CSIF relativo á RPT onde lle da aprobación ao documento, sempre que o goberno local se comprometa por escrito a ter en conta una serie de puntos alí indicados.

Con motivo das propostas presentadas polas organizacións sindicais durante a elaboración da RPT, celebráronse numerosas reunións coas mesmas, non obstante, figuran formalizadas coa correspondente convocatorias e acta as seguintes:

Mesa Xeral de Negociación Conxunta celebradas nas seguintes datas:

- 11 de xullo 2017
- 19 de decembro 2017
- 3 abril 2018
- 10 de outubro 2018,
- 20 de decembro 2018
- 30 de xullo 2019
- 27 de novembro 2019
- 9 de decembro 2019
- 10 decembro 2020
- 18 decembro 2020



- 15 xaneiro 2021
- 18 de xaneiro de 2022

Finalmente con data 26 de xaneiro de 2022 levouse a cabo a sinatura formal do acordo coas centrais sindicais: CSIF e CIG e o Comité de Empresa, no que se indica o seguinte:

“ACORDO SOBRE APROBACIÓN DA NOVA RPT DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA ELEVACIÓN A PLENO DO CONCELLO

NEGOCIACIÓN DA RPT DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E ACORDOS ANEXOS

No marco da negociación da RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa adoptáronse os seguintes acordos:

Acórdase aprobar a proposta de organigrama e RPT que se anexa á presente acta.

O acordo é subscrito polas centrais sindicais CSIF, CIG e Comité de Empresa có visto bo da Xunta de Persoal.

Así mesmo e no marco da RPT adóptanse os seguintes acordos:

- I. A situación económica actual dificulta que o Concello de Vilagarcía de Arousa poida facer fronte dunha soa vez ás repercusións económicas da valoración dos postos de traballo contempladas na RPT. Polo tanto, a aplicación económica da RPT farase efectiva de maneira progresiva ao longo de varios exercicios económicos. Se prevé que o primeiro ano de aplicación económica sexa a partir da súa aprobación definitiva no pleno municipal, producíndose o seu remate no exercicio do ano 2024, sen prexuízo de que as circunstancias económicas imposibiliten materialmente a aplicación da anterior previsión. En todo caso, con ocasión da elaboración e aprobación dos orzamentos municipais de cada exercicio, determinarase a forma e porcentaxe final de aplicación económica da RPT, sendo a previsión que a porcentaxe quede establecida nun 40% do seu custe para este ano 2022, nun 30% para o 2023 e noutro 30% para o 2024.
- II. Mentres a aplicación económica da RPT non este totalmente implantada, non serán de aplicación as fichas descritivas de funcións, polo que non haberá incremento de funcións dos/as traballadores/as.
- III. Que na valoración dos postos de traballo contida na RPT non se tivo en conta a valoración da nocturnidade. En consecuencia, os empregados que por razón das



necesidades do servizo exerzan as súas funcións en horario nocturno serán compensados a razón de 21,90 euros por cada xornada nocturna completa que se realice, tendo dita compensación económica a consideración de gratificacións extraordinarias, de conformidade co previsto no artigo 137.2 d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Dita compensación pola nocturnidade comezarase a aplicar a partir da súa aprobación definitiva no pleno municipal.

- IV. A RPT garante, en todo caso, o mantemento do nivel salarial de tódolos traballadores do Concello de Vilagarcía de Arousa, respectando os dereitos retributivos adquiridos e consolidados con anterioridade (anticipo RPT e outras retribucións). Deste xeito, coa aprobación e implantación da RPT, ningún dos/as traballadores/as sufrirá merma de ningún tipo na suma total de retribucións brutas que percibe no momento actual, tal e como se dispuxo no prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexeron a adxudicación do contrato de elaboración da RPT.

Por último, todas as partes acordan que se prosiga cos tramites correspondentes de cara á aprobación da RPT do Concello de Vilagarcía de Arousa polo Pleno Municipal.”

O documento consta asinado polas seguintes persoas representantes:

En representación de CSIF	D. Jerónimo Fernandez Vicente
En representación de CIG	Dna Bernardina Porral Mosquera
En representación do Comité de Empresa	D. Ramiro Agrelo Iglesias
Outorgando o VºBº Xunta de Persoal	D. José Luis Vila Gómez

Tendo en conta o exposto, e visto o informe favorable da Secretaria Xeral, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o organigrama e relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa tal e como consta na documentación obrante no expediente, coas salvedades que se fan constar na presente proposta.

SEGUNDO: Expoñer ao público a documentación que compón a RPT polo prazo de 20 días. Transcorrido dito prazo a aprobación elevarase a definitiva se non se presentan reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de



postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno tras a resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

TERCEIRO: Unha vez aprobada definitivamente, remitiráselles copia da relación de postos de traballo aos órganos competentes da administración xeral do Estado e da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia

CUARTO: Na documentación obrante no expediente, procede facer as seguintes correccións:

Durante o proceso de elaboración da documentación de organigrama e nova RPT municipal se teñen adoptado polo Pleno Municipal en sesión extraordinaria de data 5 de abril de 2021 medidas organizativas respecto aos seguintes postos de traballo polo que procede ter en conta as mesmas respecto ao documento entregado por Galivalia SL:

O posto de Encargado de Emerxencias que no documento aparece reservado para o seu desempeño no Subgrupo C1, está actualmente en proceso de promoción interna encadrado no Subgrupo C2, polo que procede modificar dita circunstancia.

O posto de Encargado do servizo de Feiras e Eventos aparece reservado ao Subgrupo C2 cando dito posto de traballo na vixente RPT se encadra no subgrupo C1 e se atopa actualmente en proceso de promoción interna.

O posto denominado “Técnico de RRHH” integrado na Secretaría Xeral, dito posto foi modificado e pasou a denominarse “Xefe de Servizo de RRHH” polo que procede considerar dita modificación xa aprobada polo Pleno Municipal respecto a valoración dos factores do CE.

Con relación ao posto denominado: “Técnico/a de comunicación, publicidade e arquivos - xefe/a unidade”, a denominación correcta debe ser: “Técnico/a de comunicación, publicacións e arquivos - xefe/a unidade.

QUINTO: Repercusión económica da nova valoración de RPT.

En termos económicos o custe da aplicación da nova RPT para o Concello ascende a un total de 562.489,40€; de este custe total a creación de novos postos de traballo supón 76.184,12€ e a nova valoración dos postos xa existentes o restante 486.305,28€.

A aplicación económica da RPT segundo o acordo acadado coas organización sindicais levarase a efecto dende a súa aprobación definitiva polo Pleno Municipal en un período de tres anualidades naturais (2022-2024).



Respecto a estimación de valoración económica da aplicación da nova estrutura de organigrama e Relación de Postos de Traballo e con relación especial a aqueles postos de traballo que viñan percibindo segundo o Acordo Marco e Convenio Colectivo importes por realización de servizos extraordinarios en día festivo ou xornada ordinaria día domingo, ao integrase estas circunstancias na valoración do Complemento Específico deixaríanse de percibir os conceptos anteriores vixentes e quedarían sen efecto as previsión do Acordo Marco, e no cálculo da repercusión económica deberán minorarse nos importes correspondentes e que no ano 2021 foron os seguintes:

ESPECIFICO XORNADA DOMINGO	17.014,95 €
GRAT. SERV. EN FESTIVO	77.564,24 €
Total general	94.579,19 €

A repercusión económica neta respecto dos postos de traballo xa existentes é de 391.726,09€ para o período 2022 a 2024. Polo que no ano 2022 destinarase a aplicación da nova RPT un máximo de 156.690,44€ para a anualidade completa dende o 1 de xaneiro e que será proporcional ao momento do ano no que finalmente resulte aprobada definitivamente,

SEXTO: Na nova valoración de retribucións complementarias se inclúe o denominado “Anticipo a conta de RPT” que se viña aboando dende o ano 2010, e que unha vez integrado nas retribucións complementarias queda extinguido de modo definitivo para todos os postos de traballo sen que da valoración resultante proceda a regularización de importes xa percibidos.

SETIMO: A aprobación da RPT tamén supón a aprobación dun documento no que se reflicte unha nova organización do corpo da Policía Local, que afecta fundamentalmente a distribución da xornada de traballo: quendas, calendario laboral e cuadrante laboral, vacacións e permisos, servizos en festivos especiais, asignación de servizos extraordinarios, cambios de quendas, todo elo coa finalidade de acadar unha prestación do servizo máis eficiente e garantir un servizo permanente e unha axeitada conciliación persoal e familiar aos empregados públicos.

OITAVO: Por outra banda as persoas que desempeñan postos de traballo integrados no Servizo de Emerxencias Municipal percibirán o complemento específico singular por nocturnidade nos mesmos termos en que xa viña contemplado para a Policía Local para as quendas de noite no artigo 44 do Acordo Marco vixente.



NOVENO: Na nova valoración das retribucións complementarias (CD e CE) dos postos de traballo se inclúe a valoración das funcións e tarefas que tiñan asignadas os postos de traballo abaixo relacionados por diferentes resolucións de gratificacións especiais periódicas, complementos singulares, etc... e que coa nova valoración quedan extinguidos e sen efecto as resolucións que as fundamentan.

ENCARGADO DE OBRAS COORDINADOR
ARQUITECTO
ARQUITECTO TÉCNICO COORDINADOR
TECNICO FP (B) INFORMÁTICA
ADMINISTRATIVA (Caixa Fixa)
XEFA SECCIÓN (Intervención delegada FPSDM)
XESTORA-ADMINISTRATIVA (Secretaria delegada FPSDM)
OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES (encargado FPSDM)
PROFESORA DIRECTORA CMUS
PROFESORA XEFA ESTUDOS CMUS
Coordinadora SPAD
PROFESOR DIRECTOR Banda Música

En Vilagarcía de Arousa a 14 de febreiro de 2022.

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz

